



 XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

O PERÍODO DE ADAPTACIÓN E A INCORPORACIÓN GRADUAL EN ED. INFANTIL

CEIP Plurilingüe O Mosteirón

1. Xustificación da necesidade de realizar un período de adaptación e a incorporación gradual do alumnado:

O período de adaptación do alumnado é o conxunto de fases sucesivas polas que a nena ou o neno chega a acomodarse a un medio novo, ao medio escolar, que non é coñecido nin habitual. Consiste nun intervalo temporal que as nenas e os nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense ao centro escolar, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido e, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego. Isto, pon de manifesta a necesidade da flexibilización de tempos e espazos na entrada do alumno/a á escola coa finalidade de que se sinta adaptado, cómodo e seguro e poida vivenciar experiencias dun ambiente agradable. Así pois, débese ter en conta que a adaptación non implica só ao alumnado, senón que, as familias tamén se teñen que adaptar e os/as mestres tamén a este novo alumnado.

Dende o CEIP Plurilingüe O Mosteirón consideramos pois como principais aspectos a resaltar nun período de adaptación, que xustifican a súa realización:

- É un **momento cargado de emocións** que as nenas e os nenos teñen que organizar dado que os cambios que se producen e o xeito de asimilalos é paulatino e gradual.
- Supón para o alumnado unha aventura na que o principal vai ser o **descubrimiento diario**.
- Cada individuo ten unha **personalidade** diferente e no colexio ímonos atopar con que, o grupo de alumnado está conformando a súa personalidade e o nivel psicoevolutivo a estas idades non lles permite comprender na súa totalidade o xeito de opinar, actuar.... dos/as compañeiros/as, por iso é mellor que se produza en grupos reducidos que se deben ir ampliando progresivamente.
- O éxito escolar depende, entre outros moitos factores, do **principio de seguridade e confianza** e para que un/unha nena/o se sinta seguro é tendo unha relación máis individual e directa sobre el/ela, co cal é preciso coñecer a cada neno e proporcionarlle seguridade dende o inicio e o xeito de facelo é tendo momento para todos/as.
- A/o nena/o ten que **sentirse competente** e para iso debemos potenciar as súas habilidades por igual, por iso é preciso que se faga dende o primeiro día e en grupos que vaian medrando e creando espazos onde o neno poida desenvolver a súa autonomía, clave para posterior desenvolvemento.
- Para poder partir do seu **nivel psicomadurativo** é preciso coñecer ao neno/a e descubri-lo en diferentes situacións: relacións en gran grupo, pequeno grupo individual... e diferentes momentos.

Lexislativamente, apreciamos a vixente a necesidade, por unha banda de un período de adaptación:

❖ **ORDE do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Capítulo VI: Coordinación docente: 1.7. O profesorado de educación infantil elaborará un plan de adaptación, destinado ó alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro.

1.8. A planificación do período de adaptación incluírá o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

-Participación e colaboración das familias neste período.

-Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ó centro.

-Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.

-Flexibilización no tipo de agrupamento.

❖ Artigo 4 da **Orde do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na CCAA de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:

○ Os centros poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa para favorecer a transición desde a familia á nova situación de ensino e de aprendizaxe.

○ Os centros docentes terán en conta, para a planificación desta incorporación gradual do alumnado, a súa escolarización previa, a existencia de irmáns ou irmáns matriculados no centro, así como as necesidades familiares, garantindo en todo caso, a atención ao tempo completo do alumnado cuxas familias ou representantes legais o soliciten.

○ As medidas organizativas e pedagóxicas adoptadas para a incorporación gradual do alumnado deberán ser aprobadas polo claustro de profesorado e incluídas na PXA.

○ A incorporación gradual do alumnado concretase anualmente na normativa que establece o calendario escolar para cada curso académico e en ningún caso poderá superar o mes de setembro.

❖ Na **orde de calendario escolar**, que se publica anualmente indícanse o número de días que abranguerá o tempo de incorporación gradual do alumnado, sendo actualmente, como máximo, 5 lectivos dende o inicio das clases.

2. Obxectivos:

Para o alumnado:

- Facilitar o tránsito da casa/ escola infantil ao colexio.
- Crear vínculos afectivos que lle proporcionen ao alumnado seguridade e confianza.
- Coñecer ás instalacións do centro e o espazo do aula.
- Identificar as persoas que traballan no centro educativo.
- Iniciar as relacións de xogo, comunicación e colaboración entre o alumnado do aula.
- Favorecer a autonomía do alumnado.
- Fomentar a autoestima dende o inicio da escolarización.
- Iniciar a adaptación ás rutinas da aula e do centro.
- Desenvolver hábitos básicos para o desenvolvemento diario.
- Iniciar o traballo da educación emocional.
- Favorecer a transición ou a incorporación á metodoloxía de traballo do centro.
- Respetar os ritmos e necesidades do alumnado.

Para as familias:

- Despexar dúbidas sobre o funcionamento do centro.
- Crear vínculos de confianza e colaboración cos/coas mestres/as do centro.
- Adaptarse ás rutinas e ao funcionamento do centro.
- Coñecer a organización do colexio.

Para os/as mestres/as:

- Coñecer o novo alumnado e as súas peculiaridades.
- Adaptar o ritmo do aula ás características individuais.
- Proporcionar información ás familias sobre o centro e o desenvolvemento das actividades de aula.
- Dinamización o traballo en grupo como sentido de pertenza ao novo grupo social.

3. Colaboración coas familias:

As familias son unha parte imprescindible neste proceso, que axudan a que a adaptación dos/as nenos/as sexa o máis eficaz posible. Entre as vías de colaboración destacamos as seguintes, tendo presente que, anualmente na Programación Xeral Anual poden concretarse algunhas novas dependendo do curso escolar e da experimentación de novas técnicas.

- No **mes de febreiro** realízase unha **“Xornada de Portas Abertas”** para todas as familias que están interesadas en matricular aos seus fillos/as, nenos/as de acollemento... na que se explica o funcionamento do centro, os plans e proxectos que se están desenvolvendo este curso e como se traballa en educación infantil.
- No mes de **xuño** o alumnado que se **matricule** recibirá un listado co necesario para comezar no colexio e a data fixada para a reunión inicial de educación infantil.
- No **mes de xullo**, unha vez que o alumnado este matriculado recibe por correo electrónico información sobre o inicio de curso, día da reunión inicial, entrevista inicial.
- En **setembro a/o titor/a terá unha reunión grupal** na que explicará polo miúdo normas do centro, dereitos e deberes, canles de comunicación, proposta didáctica para este curso e presentará ao profesorado do colexio. Ademais explicarase o período de incorporación gradual do alumnado.
- Ao **longo do mes de setembro** (iniciarase antes do inicio das clases, de ser posible) o/a titor/a reunirse con cada familia coa finalidade de coñecer a cada familia, a cada alumno/o e ás súas peculiaridades podendo adaptar, deste xeito, a práctica educativa, ás características do alumnado que conforman a aula.
- En todo momento se lle dará consellos á familia de como pode favorecer a adaptación tanto do/a neno/a como dela mesma.

É preciso que, ao **longo de todo o proceso, tanto familias como titor/a comuniquen os cambios significativos** que vexan no neno/a, ou ben nas entradas e saídas ao centro ou ben vía e mail que se facilitará ao inicio de curso.

En todo momento dende o **CEIP Plurilingüe O Mosteirón pretendemos ter unhas canles de comunicación fluídas, abertas e nas que predomine a coordinación e colaboración como base de aprendizaxe dos alumnos.**

4. Flexibilización do horario e calendario:

É importante que, a adaptación do alumnado de novo ingreso sexa **progresiva en tempo e tamén en número de alumnado por aula**, así pois progresivamente aumentarase o número de horas que están no centro, intercambiándose os momentos (de xeito que os que estaban vindo a primeira hora, veñan algúns días tamén a última hora para que vivencien as actividades nos diferentes momentos) e indo agrupándose os alumnos para que se coñezan entre todos.

Destacamos que, ao longo do período de incorporación gradual, a persoa de apoio á educación infantil estará maioritariamente apoiando a labor da/do mestre/a titor/a, así como que, os especialistas que van impartir docencia ao longo do curso a dito alumnado van vir coñecerlos na hora correspondente para acompañar ao titor/a na adaptación do alumnado.

Amosamos un prototipo de flexibilización de horario e agrupamento, podendo adaptarse a algún tipo de característica peculiar anualmente, como por exemplo fins de semana, dado que non consideramos oportuno aumentar tempo de estancia un luns. Dito período de adaptación será entregado ás familias co nome do alumnado que vai estar en cada grupo.

A clase dividirase en dous grupos, ao ser a rateo de 20:

GRUPO A

GRUPO B

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<u>Grupo A:</u> 09:30/10:30 <u>Grupo B:</u> 11:00/12:00	<u>Grupo B:</u> 09:30/11:00 <u>Grupo A:</u> 11:30/13:00	<u>Grupo B:</u> 9:30/ 11:30 <u>Grupo A:</u> 11:45/13:45	<u>Grupo A:</u> 9:00/12:00 <u>Grupo B:</u> 10:30/13:30	<u>Grupo B:</u> 10:00/14:00 <u>Grupo A:</u> 9:30/13:30

5. Actividades encamiñadas a unha mellor adaptación:

As actividades que se van realizar ao longo deste tempo serán principalmente lúdicas, coa finalidade de que o coñecemento e adaptación á aula e ó centro se fagan nun entorno distendido e atendendo ao disposto ao Decreto 150/22 polo cal se establece o currículo de educación infantil. A finalidade desta etapa é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Por tanto para fomentar todo iso e atender ás necesidades do noso alumnado non empregamos libros de texto, se non que elaboramos os nosos propios materiais asentando progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada neno e cada nena. Basearémonos en experiencia de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e no xogo. Podemos resumir as actividades en:

- Actividades encamiñadas a un mellor coñecemento das persoas: Adultos e nenos/as.
- Lectura de relatos e contos, coa posterior reflexión como a entrada ao colexio.
- Actividades nas que haxa que colaborar cos compañeiros.
- Actividades nas que sintan o ritmo, o canto e as habilidades motrices.
- Coñecemento dos espazos do aula e os materiais que se atopan neles.
- Incorporación de rutinas básicas: Ir ao aseo, iniciar a posta do mandilón e posteriormente quitalo.
- Traballo enfocado na educación emocional.
- Actividades de estimulación dos sentidos.
- Fomento de valores de respecto, igualdade e non discriminación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe "O Mosteirón"

Cod. Centro: 15032686

Lg. Esperela, s/n

15168 Mosteirón – Sada (A Coruña)

T 881.880.973 FAX 881.880979

@ceip.mosteiron@edu.xunta.es

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteiron/

ANEXO I: Modelo de Entrevista inicial coas familias:

Envíase ás familias no mes de xullo para cubrir online e así poder axustarnos ás necesidades do alumnado.

CURSO: 20__/202__ DATA: _____

DATOS PERSOAIS:

Nome e apelidos do alumno/a: _____

Data de nacemento: _____ Nome dos/as proxenitores/as ou persoas titoras: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico de contacto _____

Nº de irmás/irmáns: _____ Lugar que ocupa: _____

Nomes das/dos que estean no centro: _____

Quen coida habitualmente ó neno/a? _____

En caso de urxencia avisar a: _____

ESCOLARIDADE:

Asistiu á escola infantil de primeiro ciclo? ___ Dende cando? _____

Como foi a súa adaptación? _____

SAÚDE:

Parto prematuro: si non

Problemas, medicación recibida _____

Tivo ou ten algunha enfermidade importante? _____

Cal? _____

Intervencións cirúrxicas? _____

Tivo algún accidente importante? _____

Seguiu ou segue algún tratamento? _____

Ten algún tipo de alerxia (po, animais, medicamentos, alimentos,...)?

Adoita estar enfermo/a? Gripes/otite

HÁBITOS DE ALIMENTACIÓN:

Come só ou necesita axuda? _____

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Tivo ou ten o neno/a algún problema coa alimentación? Cal?

Amosa algunha intolerancia ou alerxia alimentaria?

Comida preferida: _____

Non lle gusta comer: _____

SONO:

Dorme só? _____

Necesita a compañía do adulto para durmirse? _____

Ten algún obxecto preferido para durmir? _____

O seu sono é tranquilo ou inquedo? _____

Ten pesadelos? _____

Durme polo día? _____

Emprega chupete? _____

HIXIENE:

Vai ó baño só? _____

Cepilla os dentes só? _____

Colabora no propio aseo? _____

Colabora á hora de vestirse e desvestirse? _____

Amosa alerxia cara a algún produto de aseo? _____

Controla esfínteres? _____ Se controla esfínteres, cando comezou? _____

Se non controla esfínteres, en que momento está? _____

LINGUAXE:

Fala en: galego – castelán-inglés

A que idade comezou a falar? _____

Pronuncia: correctamente intelixiblemente con dificultades

Presenta ou presentou algún problema de linguaxe?

Antecedentes familiares dalgunha patoloxía lingüística:

MOTRICIDADE:

Gateou? _____ Cando comezou a andar? _____

Man que usa con máis asiduidade para comer, coller cousas _____

Presenta ou presentou algunha dificultade motora? _____

TEMPERAMENTO:

Indique algún trazo do seu carácter que sexa sobresaínte

Cando ten algún conflito, como o corríxen?

Respostas do neno/a ante castigos, regañinas (presenta frustración, rabietas, aceptación,...)

Respostas do neno/a ante os eloxios que se lle proporcionan

Hai algún aspecto que lle preocupa do seu fillo/a?

XOGO:

Xogos que lle gustan: _____

Xoguetes preferidos: _____

Xoga con outros nenos/as ou só? _____

Xogos tranquilos ou violentos? _____

Novas tecnoloxías.

Canto tempo ó día emprega as pantallas? _____

Tipos de actividades dixitais:

ANEXO II: Guía de observación do período de adaptación:

Ítem a valorar	Sempre	Ás veces	Nunca
Asiste á aula			
É puntual na entrada e saída ao centro.			
Atópase cómodo/a durante a estancia no centro.			
Presenta situación de incomodidade: Vómitos, non controlar esfínteres, choros... Indicar nas observación cales...			
Aférrase ás súas cousas e non amplía o xogo a outros elementos.			
Amosa seriedade, tristeza			
Amósase ausente.			
Amósase agresivo/a			
Presenta unha actitude de alegría e seguridade.			
Participa nas actividades que se propoñen.			
Amósase respectuoso.			
Amosa desenvolvemento comunicativo e mantén un trato natural e espontáneo.			
Tenta captar a atención da persoa adulta.			
Ten unha actitude independente.			
Acepta as normas.			
Amosa indiferenza ao ser reprendido por algunha conducta.			
Chora ao ser reprendido por algunha conducta.			
É sociable cos compañeiros.			
Adoita estar só/soa			
Increpa e molesta aos compañeiros/as.			
É rexeitado polos/as compañeiros/as			
Os/ as compañeiros/as sobreprotéxeno/a.			
Participa nos xogos.			
Ordena os xoguetes cos que xogou.			
Respecta o material.			
Observacións:			